

O taller do automóbil

Autor: Rodríguez Varela, Manuel (C.S. Automoción, Profesor de F.P).

Público: Ciclo formativo mantemento de vehículos (basico, medio, superior). **Materia:** Mecánica do vehículo. **Idioma:** Gallego.

Título: O taller do automóbil.

Resumen

Neste artigo trataremos de dar a coñecer os alumnos de ciclos de formación profesional da rama de mecánica e carrocería do automóbil, (ciclos básica, medio, superior) os tipos de talleres que hai na actualidade, e tipos de actividades que poden realizar estes nas súas instalacións con relación a homologación que solicitaron a consellería de industria, ós cales poden ir eles facer as prácticas unha vez terminado o ciclo ou traballar no futuro.

Palabras clave: Artigo técnico.

Title: Or automotive workshop.

Abstract

In this article we will try to give the students of cycles of professional training the branch of mechanics and automotive bodywork, (basic, middle, and higher cycles), the types of workshops that are currently being held, and the types of activities that can be carried out by these students. installation in relation to homologation that requested to consellería de industria, lus cales poden go the facer as practices once finished or cycle ou traballar not future.

Keywords: Technical article.

Recibido 2018-05-30; Aceptado 2018-06-11; Publicado 2018-06-25; Código PD: 096148

Obxectivos:

Coñecer a normativa pola que están rexidos os talleres do automóbil

Saber diferenciar os talleres segundo a súa categoría ou dedicación

Coñecer as actividades ou traballos que poden realizar segundo a súa rama e homologación ante industria.

DESENROLO DO TEMA:

Introdución:

O taller de automoción podemos dicir que é un local industrial debidamente legalizado e equipado con ferramenta adecuada i equipos necesarios, segundo establece a normativa para cada tipo de taller, onde se facer reparacións, mantemento e diagnoses dos vehículos e os seus compoñentes. (eléctricos, electrónicos e mecánicos). (Real Decreto 1457/1986, de 10 de xaneiro)

No mercado temos diferentes tipos que trataremos neste documento, os cales estarán homologados ou rexistrados en industria para facer certos traballos

Normativa:

Os talleres están regulados polo ministerio de industria segundo establece o real decreto 455/2010, de 16 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1457/1986, de 10 de xaneiro, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, dos seus equipos y compoñentes.

A Comunidade Autónoma de Galicia é competente para regulamentar a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes de acordo co artigo 30.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, que lle atribúe a Galicia a competencia exclusiva en materia de industria segundo o DECRETO 108/2017, do 2 de novembro.

A hora de abrir un taller de automóviles e preciso facer unha serie de trámites ante a consellería de industria da comunidade autónoma segundo se expoñen no real decreto 1457/1986 do 10 de xaneiro antes citado, como son:

Declaración responsable do titular: na que se indique que tipo de actividade se vai a realizar no mesmo.

Proxecto técnico das instalacións: trátase de un informe ou memoria feita por un titular (enxeñeiro) na que se redacte despois das comprobacións do mesmo, que cumpre cos requisitos de seguridade segundo a normativa.

Estudo técnico: no cal reflexará dunha forma detallada toda a ferramenta, necesaria i equipos dos que dispón o taller de acordo coa rama a que se vai a dedicar, o cal será comprobado posteriormente.

Autorización escrita de marca: se o taller en cuestión vai formar parte de unha marca de automóviles (Seat, Renault, Ford, etc.)

Titulación necesaria para a actividade: o decreto DECRETO 108/2017, do 2 de novembro para a apertura segundo a rama da actividade.

Unha vez pasados eses trámites, concédeselle unha placa de identificación á empresa, para colgar na porta de entrada o taller, onde se reflexa cara o publico, a súa dedicación ou rama de actividade: mecánica, electricidade, chapa, pintura, ou taller especializado en motocicletas. Exemplo de placa de identificación:




Foto anexo real decreto 1457/1986, de 10 de xaneiro

Tipos de talleres:

Os talleres vamos a diferenciarlos en dous grupos: .


1. Segundo a actividade a que van a desenrolar

2. A súa relación coa marca.

1. Segundo a actividade que van a desenrolar, vamos a diferenciarlos en:

Talleres de mecánica: Son talleres nos que se poden facer traballos de reparación do sistema mecánico do vehículo incluídas estruturas portantes, equipos e elementos auxiliares, excepto o equipo eléctrico.

Un exemplo de reparacións que se podería facer neste taller, sería a de cambiar unha correa de distribución, arranxar unha caixa de cambios ou simplemente cambiar un aceite. Non estaría homologado para, arranxar alternadores ou motores de arranque entre outros, xa que se consideran compoñentes eléctricos



Reparación perdida anticongelante



Diagnose fuga inyectores

Talleres de electricidad-electrónica: trabajos de reparación o sustitución no equipo eléctrico-electrónico del automóvil.

Estes talleres están autorizados para montar, cambiar e arranxar compoñentes eléctricos do vehículo (sistema de carga, sistema de arranque, sistemas eléctricos auxiliares, etc.).



Reparación alternador



Diagnose vehículo eléctrico

Talleres de carrocerías: Realizan trabajos de reparación ou substitución de elementos de carrocería non portantes, guarnicións e acondicionamento interior e exterior dos mesmos.

Estes talleres están homologados para reparaci3ns ou substituci3ns de elementos amovibles e fixos da carrocería, pero non para realizar traballos de mecánica nin eléctricos.



Reparación aleta dianteira esquerda.



Reparación estribo inf. esquerdo

Polo normal, un taller de carrocería tamén soe estar asociado e homologado para realizar tarefas de pintura tendo así, persoal cualificado para as dúas tarefas.

Para as tarefas de mecánica ou electricidade necesarios nas reparacións que realicen, teñen talleres concertados, ven desprazándose un profesional cualificado o taller de carrocería ou levando o vehículo en grúa o taller mecánico, eléctrico, se a reparación o require. Isto e necesario moitas veces, xa que hai avarias de compoñentes os cales aí que codificar ou adaptar para o seu funcionamento. Hoxe en día estas codificacións e necesario realízalas no taller autorizado. Antigamente se facían por introdución de códigos numéricos aportados pola marca, co aumento da seguridade o roubo e mais comodidade para os profesionais fanse por internet, a través do seu servidor de internet, o cal conecta co servidor da marca.

De pintura: traballos de pintura, revestimento y acabado de carrocerías. Estes talleres polo normal están asociados os talleres de carrocería, quero dicir con isto, que normalmente están homologados para traballos de carrocería e pintura conxuntamente



Pintura superficial de varias pezas.



Reparar e pintar lateral esquerdo.

2. Outra clasificación que debemos coñecer sobre os talleres é, sobre a relación que teñen estes coas marcas (Seat, Ford, Renault, Feubert, Bosch Car Service etc.). A clasificación sería a seguinte:

Talleres concesionarios: son talleres con instalacións grandes, que dependen ou teñen unha relación directa coa marca. Polo xeral, ofrecen servizo de vendas, (vehículos novos e usados), recambios, servizo rápido de taller, mecánica, electricidade, chapa e pintura.

Son talleres con un Nº de persoal considerable (xerente, xefe de vendas, oficiais de vendas, xefe de pos venta, xefe de taller, xefe de recambios, responsable de garantías, oficinistas, información de atención o cliente, recepcionista, oficiais expertos de taller, oficiais 2º, 3º e auxiliares, polo que son talleres que se asentán en cidades grandes. En poboacións máis pequenas encóntranse os servizos oficiais dos que falaremos máis adiante.



As concesionarias, teñen que cumprir uns protocolos que lle impón a marca en: atención o cliente, ferramenta do taller, formación do persoal e na forma de realizar os traballos de mantemento reparación tempos operacións, ou diagnoses dos vehículos.



Para a formación do persoal do taller, as marcas obrigan as concesionarias a que estas envíen os traballadores a realizar diferentes cursos nos seus centros de capacitación.

Soen ser talleres que dan unha boa atención e imaxe cara o público, (orde e limpeza das instalacións) e un persoal moi cualificado na marca, polo que ofrecen seguridade e rapidez nas reparacións efectuadas.

Teñen un prezo de man de obra máis alto cos talleres independentes, anque ofrecen a vantaxe de que utilizan pezas orixinais e, as garantías das reparacións non as dá o taller senón as dá a marca, polo que o cliente ten garantía en calquera taller da súa rede de servizos oficiais.



Talleres servicios oficiais: As instalacións son mais reducidas que nas concesionarias, anque polo regular dan o mesmo servizo ao cliente que as primeiras (ventas, reparacións e garantías). A diferenza radica, en que non teñen unha vinculación tan directa coa marca, senón que esta, pasa polo concesionario ó que estea asociado. E dicir un concesionario pode ter varios servizos asociados. Hoxe en día neste mundo da industria estase fomentando que séa a mesma concesionaria a que abra servizos oficiais propios en outras poboacións mais pequenas abarcando así mais mercado como empresa, en Galicia temos varios grandes grupos empresarias deste

tipo. Tamén é importante mencionar, que a dotación de persoal e recursos (inversión en definitiva) para abrir este tipo de talleres e menor.



Talleres xenéricos ou independentes: este tipo de talleres non teñen unha relación directa nin indirecta con ningunha marca de vehículos. Poden ser talleres de mecánica, electricidade, chapa ou pintura ou dedicarse a todo. O punto mais importante que hai que destacar como desvantaxe respecto os anteriores son as garantías de cara o cliente, xa que o non pertencer a ningunha marca ou rede e o propio taller quen se fai responsable da mesma. Este punto cara o cliente ten unha grande desvantaxe xa que se repara por exemplo o vehículo en Galicia e se vai para Madrid, alí non vai a ter garantía dunha reparación feita aquí. Nestes casos en mutuo acordo se o taller e serio, soe facerse cargo dos gastos ocasionados. Tamén soen poñer pezas non orixinais ou

incluso de chatarreiras, coa autorización do cliente.

A vantaxe que ofrecen e que soen ser mais baratos na man de obra.



A formación dos técnicos neste tipo de talleres é un pouco mais flexible, xa que non esta obrigado a levar un plan de formación coma nos anteriores. Polo normal, están asociados a algunha asociación de talleres, a cal lle ofrece diferentes cursos de actualización técnica, ós cales poden asistir para actualizarse das novidades técnicas mais recentes. ATRA (asociación de talleres reparadores do automóbil) por exemplo.

Talleres de rede de talleres: vamos a diferenciar dous tipos: franquías de talleres de servizo rápido a nivel nacional ou internacional como por exemplo MIDAS, ou talleres asociados a unha rede como por exemplo Bosch, Euro taller etc... A finalidade e ofrecerlle ao cliente unha maior garantía, confianza, seguridade nas reparacións.

Estas ofrécenlle ó franqueado ou asociado: asesoramento, formación, recambios propios e publicidade por pertencer a unha marca recoñecida. As reparacións nestes talleres fanse respectando o protocolo que exige o fabricante conservando así a garantía deste.



Talleres de servicio rápido. Trátase de un taller independente, (nas concesionarias e servicios oficiais grandes, tamén teñen unha zoa das instalacións dedicadas a este servicio). Son talleres que se dedican a cambios ou arranxos rápidos e sinxelos no mantemento do vehículo (aceites, filtros, freos, aliñados de direccións, rodas, suspensións, lavado e engraxe do vehículo etc.)



Talleres de motos: son talleres especialistas neste tipo de vehículos de dúas rodas, nos que se reparan e venden motos de todo tipo, incluso Quads ou coches sen carné, os cales están hoxe en auge para determinado tipo de clientes. Son talleres que se dedican a mecánica, electricidade e carrocería e pintura. Poden ser oficiais ou independentes. Os mais pequenos que son os maioritarios, os traballos de pintura soen contratalo con outros talleres.



Reparación carrocería dunha moto



Avaría mecánica en distribución



Talleres piratas: este tipo de talleres vounos a nomear, porque desgraciadamente existen na realidade, Son talleres ilegais, os cales non están legalizados en industria como taller nin o local soe estar habilitado para tal fin, polo que non ofrecen nin garantía nin seguridade nas reparacións. Están asentados en garaxes ou locais clandestinos, non dispoñen de placa de identificación e, as reparacións fanse con ferramenta non adecuada.

Para aplicar na aula:

Fomento da lectura, propoñendo actividades nas que o alumno teña que buscar ou manexar información técnica, como: revistas, libros, manuais técnicos ou artigos, de maneira que sexa o mais autónomo posible na realización das mesmas.

Tamén se pode propoñer, un traballo individual ou en grupo de 2 alumnos, sobre o tipo de talleres da súa zoa onde viven.

Conclusión:

No mundo da automoción que vivimos hoxe en día, temos que estar en continua formación para estar actualizado debido a rápida evolución da tecnoloxía. Iso e algo que nós como docentes lle temos que inculcar ós alumnos desde o comezo do ciclo e aplicalo no transcurso da súa formación.

Bibliografía

- Real Decreto 1457/1986, de 10 de xaneiro, polo que se regula a actividade industrial e a prestación de servicios nos talleres de reparación de vehículos automóbiles dos seus equipos e compoñentes.
- Real decreto 455/2010, de 16 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1457/1986, de 10 de xaneiro, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servicios nos talleres de reparación de vehículos automóbiles, dos seus equipos y compoñentes
- DECRETO 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes..